

GALLEGO REI, MARIO (2008) : AS
LENDAS. IR ENDO

Lendas de encantamiento ou míticas

Este tipo de lendas teñen como fondo o chamado imaxinario popular galego, no que o mundo dos mouros e das moursas teñen un papel sobranceiro, aínda que estes seres non completan todo o espectro que indica o encabezamento.

Os mouros son os habitantes de certas zonas da xeografía galega con características moi definidas, son os outros habitantes de Galicia, que ás veces aínda residen aquí, agochados e retirados da vista dos humanos. Os mouros construíron os innumerables castros e mámoas espallados pola xeografía galega, e posúen conceptos definitorios.

A vida dos mouros, a pesares de estaren agochados, é coñecida polos seus veciños humanos, cos que tamén establecen contactos de varios tipos, que tamén se van ver con máis detalle: un arrieiro lévalles viño, unha parteira axuda nos partos das moursas, van xuntos ás feiras.

Pero os mouros posúen enormes cantidades de ouro. De ouro son as ferramentas que usan, os teares e os fusos das moursas, pagan con ouro. De aí que, as máis das veces vexamos as mámoas violadas repetidamente, por exemplo, para busca-lo ouro dos mouros.

Dentro da mitoloxía dos mouros, as moursas aparecen moito máis individualizadas, aínda que comparten cos mouros as características xerais como poboación. Moitas lendas preséntanos ás moursas como mulleres paradigma de muller dentro da cultura popular galega: fermosas, rubias, ricas (son as gardianas de grandes tesouros encantados, e o seu desencantamento supón tamén facerse co tesouro), traballadoras (fian, tecen, lavan). Pero tamén son perigosas sedutoras para os homes.

Arredor da figura das mouras existe unha serie de elementos que se misturan entre si para compoñe-la caracterización da moura: a súa relación coa cóbrega (serpe), a auga, o leite (que é un elemento que lles gusta tamén moito ás mouras), o cabelo, etc.

Todos estes elementos teñen unha forte relación coa sexualidade, tanto positiva (as mouras son mulleres moi fermosas e sedutoras), como negativas (mulleres sexualmente activas que toman a iniciativa). Así que a moura é o paradigma da muller na cultura popular galega, cos seus atractivos e cos seus perigos se o home non a controla dun xeito que parece ser o sometemento sexual por medio do matrimonio.

Outro elemento moi recorrente no campo das lendas de mouros son os tesouros encantados, escondidos e gardados polos mouros e mouros. Estes obxectos cáseque sempre se transforman en ouro ó desencantalos, animais que fan o mesmo, ou outras formas de encantamentos non especificados. Asimesmo trasmiten varias formas de realizar este rito e quedar enriquecidos pola súa riqueza: cuspir nos tesouros, orinar neles ou botarlles por riba algunha prenda de roupa, etc.

(O anterior comentario está parcialmente recollido do resume feito por Mar Liñares García, do seu libro "Os mouros no imaxinario popular galego").

CHÁMOME

O Encantamento

CURRICULUM

Época histórica: Idade media

Autor: Anónimo

Territorio de situación: O Salnés. Pontevedra

Orixo. Popular

Recollida: Mario Gallego. Mestre CPI Meis

Está nos libros: *Inedita*

CÓNTOCHE COMO SON

A feira máis importante do Mosteiro (Meis) era o día primeiro de cada mes, e a ela acudía Xosé Martínez sen perder unha soa. A mañá era boa e o camiño doado duns 2 qm de distancia. A pouco de saír da casa uníuselle un home moreno e de bo ver, quen deseguida fala con Xosé, cara á feira do Mosteiro. A cousa ía sobre o tempo, o campo e o aquel da feira, cando chegaron cada un foi polo seu lado, e o Xosé pasou a mañá vendo becerros, saboreando o polbo e mercando a bola de pan que tanto lle gustaba a súa dona.

Cando o Sol estaba no alto, Xosé Martínez encamiñouse cara a súa casa co propósito de chegar para o xantar, e no camiño estaba outra vez aquel home co sorriso pegado na faciana e a fala disto e daquilo. Chegando á metade do camiño, aquel home díxolle que podía ser dono dun tesouro, pero que tiña que cumprir unha condición: ó chegar a casa, Xosé deixaría a bola de pan enriba da mesa da cociña, se á hora do xantar ninguén a tocara sería dono do tesouro, pola contra, a persoa que collera o cacho de pan quedaría perdida para sempre.

Nunha volta do camiño o home desapareceu e Xosé chegou a casa e pousou a bola onde lle indicara o enigmático acompañante, non viu a ninguén na casa e pensando que estaban a traballar na horta foi na súa busca. Neste tempo a muller da casa chegou da tenda e de falar un cacho coa veciña, encarou a cociña disposta a prepara-la tortilla, e vendo aquela bola con boa presenza, colleu un pellizco e arrimou as patacas para facer o xantar. Como non quedaban cebolas, encamiñouse á horta que estaban á beira dunha árbore, cando estaba a collelas quedou pegada para sempre á árbore, mentres o seu home miraba o que pasaba, sen poder facer nada e lembrando o que se contara o home do camiño.

PARA QUE SAIBAS QUE TEÑO AMIGAS

"Mouros, ánimas, demonios. El imaginario popular gallego". Mar Liñares García. Madrid, Akal, 1990

"Os mouros no imaginario popular galego". Mar Liñares García. Madrid, Akal, 1991

"Apéndice II. Serpientes gallegas contra rameras". Felipe Criado Boado.

"El folklore de los castros gallegos". José Manuel González Rebo-
redo. Universidade de Compostela. Santiago, 1971

"La Reina lupa entre la leyenda literaria y la tradición popular" Cua-
dernos de Estudios Gallegos, XXXVIII, 103, 1989

"Los antepasados imaginarios (en colaboración), fascículo 2 da
Historia de Galicia, Faro de vigo, 1991

"Recupera-la tradición oral: un proceso interactivo museo-escola".
Museo do Pobo Galego, 1994-1995





PROPOSTA MULTINIVEL

1 – A miña panda é do tipo
Fantástico

2 – Xeito de entenderme (simbolismo e interpretación)

- O figura dos seres imaxinarios está en tódalas culturas, busca información arredor destes seres en diferentes terras do mundo.
- Logo de le-la lenda, indica que simbolizan para o pobo galego os mouros e as moursas.
- No lugar onde haxa unha lenda de mouros/moursas hai un feito ou resto histórico. Razoa a resposta.
- Comenta o significado das moursas, como mulleres, no contexto rural galego.
- Se preguntas na túa comarca polos mouros e moursas, afirmarán que aínda viven na nosa terra. Averigua esta cuestión: entrevistas, test, investigación de restos, bibliografía, etc.

3 – Vou con ela por... (actividades). -

- Describe a paisaxe e os personaxes da lenda:

Topografía do lugar: aldea, lugar de encontro, camiño, a feira, edificios,...

Prosopografía: indica os rasgos físicos das xentes

Etopeia: sinala os rasgos psicolóxicos e morais das persoas

Retrato: distingue os rasgos físicos de cada persoa

Caricatura: presenta debuxos cos rasgos característicos de cada persoa importante da lenda, de xeito esaxerado.

4 – Véxoa por dentro (análise interna).

- Organiza as ideas expostas na lenda
Distingue as partes que compoñen o texto
- Agás o anecdótico, ve-lo transfondo do que o pobo quere comunicar.
- O pobo, como autor da lenda, intervén como personaxe, como observador do que sucede ou como simple relator da mesma.

- O autor da lenda, ou sexa o pobo, ten unha actitude obxectiva (limitase a describi-lo que sucede) ou unha actitude subxectiva (xulga os feitos).

5 – A vista de paxaro (análise externa).

- ¿Entendes que é un texto orixinal ou adaptado?
- Esta lenda é única e dun lugar concreto ou pola contra está presente, como argumento, en moitos lugares de Galicia.
- As feiras galegas foron e son as adiantadas dos modernos supermercados. Presenta un informe arredor do tema.
- Propóñoche un debate: ¿cómo vemos hoxe ós mouros que viven e traballan en Galicia?

6 – Das semellanzas tiro luz ...

- Hai moitos métodos para buscar información arredor dun elemento histórico ou imaxinario, dentro da nosa tradición oral.
- Agora tes ocasión de saber máis dos mouros/mouras, como seres do noso imaxinario.
- Cuestionario:

Os nosos vellos e vellas daranche resposta a estas preguntas arredor do mundo dos mouros e mouras:

¿Quen eran?

¿De onde viñeron?

¿Onde vivían?

¿Qué facían?

¿Tiñan moitas riquezas?

¿Houbo-hai mouros na túa comarca?

- Para recoller lendas de mouros e mouras, pregunta por:

Encantos

Culebróns

Galiñas con pitos de ouro

Beceros ou bois de ouro

O son dunha campá dunha igrexa asolagada.

Túneles, camiños ou ríos subterráneos

Rochas ou árbores con propiedades curativas ou máxicas.

Fonte onde aparecen mouras

- Compara este tipo de investigación con outros históricos e coñecerás mellor a importancia da nosa tradición oral.

QUEN FALOU DE NÓS BIBLIOGRAFÍA

- "OS ANTEPASADOS IMAGINARIOS". Mar Liñares e outros. Fascículo 2 da Historia de Galicia, Faro de Vigo, 1991
- "OS MOUROS NO IMAXINARIO POPULAR GALEGO". Mar Liñares. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 1990
- "LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL NO CONCELLO DE MEIS", inédita. Mario Gallego Rei
- "ARQUIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALICIA". NÓS. ano 1920
- "CATÁLOGO DE CASTRO GALEGOS" Varios concellos
- "PREHISTORIA E ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE BARBANZA" Xerardo Agrafoxo. Noia. Concello de Noia. 1986
- "LA BRUJERÍA EN GALICIA". Carlos Alonso Ponencia no Congreso de Bruxería de San Sebastián. 1975
- "DENOMINACIONES GALLEGAS DE LA CULEBRA, EL ZORRO Y EL LOBO". Jesús Alonso. BCPML. 1968
- "LA LEYENDA DE LA REINA LUPA EN LOS MONTES DEL PINDO". Jesús Alonso CEG, XXXIV